

A Alcaldía deste Concello de Cualedro, por resolución de data 22 de febreiro de 2016 aprobou as bases as que se axustará a selección e contratación laboral temporal a tempo parcial, polo periodo de doce meses, para un posto de persoal de limpeza nas instalacións municipais do concello de Cualedro.

Modalidade contractual: Obra ou servizo determinado.

Lugar e prazo de presentación de instancias: Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Cualedro durante o prazo de 5 días naturais dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do BOP de Ourense.

Documentación: Achegarase a documentación requirida nas bases.

Poderanse consultar as bases para a contratación no taboleiro de anuncios do Concello de Cualedro, en horario de 09:00 Horas a 14:00 Horas, durante o prazo de presentación de instancias , e na páxina web <http://www.cualedro.es>.

Cualedro, 23 de febreiro de 2016

O alcalde

Asdo.: Luciano Rivero Cuquejo